

ARTE GREGA

TÍTULO: **APOXIOMENOS**

AUTOR: **Lisipo**

CRONOLOXÍA: 330-320 a.C.

TIPOLOXÍA: Escultura exenta

MATERIAL: Mármore pentélico

MEDIDAS: 2,05 m (alto)

ESTILO: Grego postclásico

TEMA: Deportivo

LOCALIZACIÓN: Museo Pío-Clementino (Museos Vaticanos, Roma)



DESCRICIÓN FORMAL

O atleta atópase de pé, espido e cos brazos alzados á altura dos ombreiros, mentres o peso do seu corpo descansa na perna esquerda, ríxida e apoiada sobre unha columna; o brazo esquerdo está en escorzo, e a perna dereita máis adiantada e separada, mentres que o brazo dereito proxéctase cara adiante, acentuado pola leve torsión das cadeiras que acadan un movemento pendular do corpo. Aínda que Lisipo foi un fiel seguidor dos postulados de Policleteo, nesta peza atopamos un canon de proporcións novo: estilízase o corpo e acentúase o volumen e a gravidez muscular. O pulido e a suavidade das formas atenuando as *diartroses*, tan marcadas en Policleteo, fan que a luz esvare sobre a obra sen provocar claroscuros. As formas brandas recordan a Praxíteles. Lisipo só recoñecía como mestres a Policleteo e á Natureza. Partiu do canon de Policleteo pero modificouno para facer as súas figuras máis esbeltas. O novo canon reduce o tamaño da cabeza e dá maior altura ao atleta. Se Policleteo establecera unha altura de sete cabezas, Lisipo pasa a oito, o que fai que a figura resulte moito máis estilizada. Quere plasmar non tanto a realidade como a experiencia óptica. A reducida proporción da cabeza e a musculatura producen un efecto de esvelteza e elegancia, o que se enriquece ademais cun tratamento moi naturalista da anatomía.

Rompe coa clásica disposición frontal, pois tanto o brazo esquerdo que corta ao outro en ángulo recto, impedindo a visión total do plano principal, como a extensión cara ao espectador do brazo dereito, nun escorzo inconcibible no ámbito clásico, multiplican os puntos de vista. Deste xeito rompe o efecto de relevo, crea espazo e profundidade, crea formas abertas, obrigando ao espectador a xirar en torno á escultura. Rompe co punto de vista único xa que hai tres puntos de vista predominantes: frontal, de perfil e tres cuartos. A posición, en marcado *contrapposto*, resulta pouco estable: o corpo semella oscilar sobre as pernas, e a perna dereita, un tanto retrasada e dirixida a un lado, non pousa firmemente no chan como sucedía no Doríforo. A obra tampouco respoosta psicoloxicamente aos postulados puramente clásicos. Aquí xa non hai o home idealizado;

pola contra, o realismo de Lisipo lévao a representar un atleta canso, taciturno e co pelo revoltado. Lisipo coa súa obra persegue o prototipo de beleza ideal pero afonda nos sentimentos e no movemento, estiliza o canon, as formas tórnanse barrocas, e acentúase o naturalismo. Incluso cando representa a deuses, estes aparecen moito máis humanizados. Na súa obra desaparece a férrea normativa clásica do equilibrio, harmonía e proporción.

A pesares do anterior, e aínda que Lisipo está anunciando o realismo expresionista do período helenístico, hai que consideralo o derradeiro dos clásicos, pola súa formación nos postulados de Policleteo e pola súa fidelidade á necesidade dun canon.

TEMÁTICA

O nome da obra cadra coa acción que está a realizar a figura: representa un atleta que, despois do exercicio, limpa co estrígilo (rasqueta de metal longa e fina) a pel cuberta de po e aceite. A estatueta, a tamaño natural, recolle o momento posterior á actividade realizada, cando o atleta realiza unha acción habitual de hixiene. O autor eleva a categoría artística un acto cotián sen maior relevancia, un acto que non ten nada que ver cos héroes nin cos deuses.

MODELOS E INFLUENCIAS

Lisipo é o derradeiro escultor que podemos considerar propiamente clásico. Foi un artista prolífico (dise que realizou máis de 1500 esculturas de gran tamaño) e traballou na corte de Alexandre Magno, de quen foi escultor predilecto e de quen realizou diversos retratos.

Como era habitual nos talleres do Peloponeso, adicouse preferentemente ao bronce. E aínda que segue sendo a encarnación do canon da beleza clásica, as súas obras posúen un novo naturalismo, pois son de proporcións máis esbeltas e alongadas que as de Policleteo, ca que propón un canon de 1/8, e de cabeza máis pequena. A súa importancia foi fundamental, e perdurou durante séculos en artistas como Miguel Anxo e o seu *David*, Donatello e Verrocchio.